

As preposicións, as conxuncións e as interxeccións

LEMBRA

As preposicións e as conxuncións son palabras invariables que funcionan como **enlaces**, é dicir, serven para relacionar outras palabras ou grupos de palabras.

As **preposicións** unen unhas palabras con outras que as complementan ou especifican. As máis frecuentes son: *a, agás, ante, ata, baixo, cabo, canda, con, contra, de, deica, dende, desde, durante, en, entre, excepto, mediante, onda, para, perante, por, salvo, segundo, sen, so, sobre, tras, xunta*.

As **conxuncións** unen palabras ou grupos de palabras que expresan ideas, ben semellantes, ben dependentes unhas das outras. As máis frecuentes son as **copulativas**, que expresan a idea de suma (*e, e mais, nin*); as **disxuntivas**, que expresan a idea de opción (*ou*); e as **adversativas**, que expresan a idea de oposición (*pero, senón, mais*).

As **interxeccións** son palabras especializadas en expresar mensaxes exclamativas, polo que adoitan escribirse acompañadas dun signo de admiración. Exemplos: *ah!, oxalá!* Tamén son interxeccións certas fórmulas de saúdo: *ola!, adeus!, abur!*

- 1 Arrodeia todos os enlaces do seguinte texto e clasifícaos segundo a categoría a que pertencen. Ten en conta que as preposicións poden aparecer contraídas co artigo.

Un día **no** poboado

Desde **ben cedo**, os habitantes **do** poboado comezan **a** desenvolver as súas tarefas cotiás. **Xunta** a cova, a muller coida os nenos **e** prende lume **con** follas secas **ou con** pólas, batendo unha pedra **contra** outra. O rapaz maior bebe unha cunca **de** auga **e** o pequeno entretense xogando **cun** óso. O pai volve **de** cazar atravesando o prado que hai tras a cova, **pero polo** camiño esvara **e** case perde o equilibrio.



PREPOSICIÓNS

en, de, desde, a, xunta, con, contra, por

CONXUNCIÓNS

e, ou, pero

- 2 Engádelles a estes adxectivos un complemento con preposición. **R.M.**

■ preparada para cociñar

■ canso de traballar

■ próximo a aquel río

■ coñecido por todos